

1. INTRODUCCION

O material desenvolto é para a materia de Educación plástica e visual de 1º ESO. Na realización deste proxecto encontrámonos con algúns problemas na utilización das imaxes, ao querer utilizar imaxes de obras de arte que se encontran no Museo do Prado ou no Museo Raíña Sofía. Puxémonos en contacto cos devanditos museos e comunicámoslles a nosa intención, pero a resposta é que había que pagar sobre 50 euros por cada imaxe que utilizasemos e que non se consideraba o feito de que se tratase dun proxecto didáctico sen dotación económica e sen ánimo de lucro.

O Museo do Prado comunicounos que o consultaría co Ministerio de Cultura para ver se as poderíamos utilizar sen pagar, pero ao ver que non tiñamos resposta optamos por utilizar as imaxes de obras de arte localizadas no Banco de imaxes INTEF (Instituto Nacional de Tecnologías Educativas y Formación Profesional). Este é o motivo polo que non puidemos utilizar nas diferentes análises algunhas obras que nos parecían máis acertadas para o seu estudo.

As diferentes imaxes utilizadas neste traballo proceden do Banco de imaxes ou foron realizadas por nós.

2. RELACIÓN DE CONTIDOS CURRICULARES DESENVOLTOS.

2. 1. Obxectivos

O proxecto concebiuse como unha ferramenta para apoiar a os/as profesores/as na implantación nos seus respectivos centros escolares dun material TIC na materia de Educación plástica e visual de 1º da ESO e permitiralles o desenvolvemento do programa Abalar nos centros nos que se está implantando:

Polo tanto, os obxectivos do proxecto:

Dar a coñecer aos/as profesores/as de Educación plástica e visual algúns dos contidos en formato dixital, correspondente á materia de plástica para 1º da ESO.

Aportar aos/as profesores/as os conceptos básicos e xerais do manexo das diferentes ferramentas dixitais utilizadas.

Establecer un material dixital para poder traballar co alumnado na aula.

2. 2 Contidos

Os contidos desenvoltos nestas unidades didácticas están recollidos no DOGA do 13-de xullo do 2007, e son:

Contidos directos desenvolvidos en cada unha das unidades didácticas:

1.Lectura de imaxes, recoñecendo os elementos visuais, conceptuais e relacionais. (Bloque 1: Observar e comprender).

Actividades:

Contidos teóricos:

Impress: Lectura de imaxes.

PDF (Lectura de imaxes).

PDF Proposta de traballo para esta unidade.

Contidos prácticos:

Webquest:

Lectura de imaxes: como se le unha imaxe.

Lectura de imaxes: como se le unha obra de arte.

Lectura de imaxes: Leis da percepción.

Propostas de traballo:

Linguaxe visual.

Finalidade das imaxes.

Deseñar un novo sinal de perigo.

Deseñar un novo sinal de prohibido.

Leis de organización da forma.

2. Experimentación e exploración dos elementos da linguaxe gráfica-plástica

(punto, liña, plano ou superficie, luz e cor).. (Bloque 2. Interpretar, expresar e crear).

Actividades:

Contidos teóricos:

Impress: Elementos da linguaxe gráfica-plástica.

PDF (Elementos da linguaxe gráfica-plástica).

PDF Proposta de traballo para esta unidade.

Contidos prácticos:

Webquest:

Elementos da linguaxe: punto, liña, plano e texturas.

Elementos da linguaxe: luz e cor.

Propostas de traballo:

A luz.

Círculo cromático.

A cor, contraste cromática.

A cor, escala acromática.

A cor, expresividade (fría/cálida).

A cor, harmonía cromática.

Estudo da luz e das sombras.

Estudo da luz e das sombras con trazos.

Colorear unha fotografía en branco e negro.

Composición con liñas e rectángulos ao estilo Piet Mondrian.

Composición con liñas ao estilo Piet Mondrian.

Obra ao estilo Andy Warhol.

O punto.

Texturas 1.

Texturas 2.

Texturas 3.

3. Análise e realización de composicións utilizando os elementos conceptuais propios da linguaxe visual como elementos de descrición e expresión, tendo en conta tanto elementos compositivos como estruturais. (Bloque 2. Interpretar, expresar e crear).

Actividades:

Contidos teóricos:

Impress: A composición.

PDF (A composición).

PDF Proposta de traballo para esta unidade.

Contidos prácticos:

Webquest:

A composición: elementos estruturais.

A composición: esquemas compositivos:

Propostas de traballo:

Esquemas compositivos 1.

Esquemas compositivos 2.

Factores compositivos.

Deseñar unha etiqueta de viño.

Deseñar unha camiseta.

Deseñar decoración de furgoneta.

Deseñar decoración de coche.

Composición 1.

Elementos estruturais (peso visual).

Elementos estruturais (bodegón).

Elementos estruturais (ritmo).

Facer unha composición cunha fotografía fragmentada.

Planos cinematográficos.

Simetría radial.

4. Descubrimiento, análise e representación subxectiva das formas (posición, situación, ritmos, claroscuro, efectos visuais, imaxinación, fantasía). (Bloque 2. Interpretar, expresar e crear).

Actividades:

Contidos teóricos:

Impress: As formas.

PDF (As formas).

PDF Proposta de traballo para esta unidade.

Contidos prácticos:

Webquest:

As formas: Análise das formas.

Propostas de traballo:

Estudio das formas 1.

Estudio das formas 2.

Completar greca.

Deseñar unha greca.

Deseñar unha rede modular.

Deseñar unha simetría radial.

5. Sensibilización ante as variacións visuais producidas. (Bloque 2. Interpretar, expresar e crear).

Nos exercicios prácticos nos que se utiliza unha imaxe como base de traballo esta pódese cambiar por outra sempre que a aplicación estea no servidor. Esta adaptara a imaxe ao espazo.

Contidos indirectos desenvolvidos en cada unha das unidades didácticas:

1. Experimentación e utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura, tratamento e creación de imaxes plásticas. (Bloque 3. Contorno audiovisual e multimedia).

2. Actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade e rexeitamento dos elementos desta que supoñan discriminación social, de xénero ou racial. (Bloque 3. Contorno audiovisual e multimedia).

3. Recoñecemento e valoración da presenza e influencia da imaxe no noso tempo. (Bloque 3. Contorno audiovisual e multimedia).

4. Determinación dos valores plásticos e factores persoais e sociais que destaquen nunha obra determinada e o seu autor, realizando esquemas e sínteses sobre algunhas obras para destacar os valores máis importantes. (Bloque 4. Dimensión social e cultural).

5. Diferenciación de distintos estilos e tendencias das artes visuais, determinando os factores plásticos, simbólicos, etc. que os definen e caracterizan. (Bloque 4. Dimensión social e cultural).

6. Valoración, respecto e gozo do patrimonio histórico- artístico, da obra allea e dos espazos de divulgación artística. (Bloque 4. Dimensión social e cultural).